



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO
CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE MAIO DO DOUS MIL OITO.**

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. Melchor Roel Rivas

CONCELLEIROS:

D^a. María Loureiro García , D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Rafael Luis Fernández Amor, D^a. Olga María Méndez Carro, D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. María Concepción Toral Romero, D. Vicente Hermida Rodríguez, , D. Guillermo Leal Arias, D^a. Raquel Atadell Giz, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. M^a. Carmen Gueimunde González, D^a. Vanesa Rego Martínez, D. Juan José Pardo Gato, D. José Antonio Goás Basanta e D. Orlando Expósito Mariño.

EXCUSA A SÚA ASISTENCIA

D. Celestino V. García Paz

SECRETARÍA

D^a. Sara Martínez Álvarez

INTERVENTOR

D. Fidel García Martul

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do oito de maio do dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas, coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria, D^a. Sara Martínez Álvarez, e o Interventor municipal, D. Fidel García Martul, celébrase a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto, polo Sr. Alcalde declárase aberto o mesmo.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN
ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 27 DE MARZO DO 2008.**

Polo Sr. Alclade-presidente, D. Melchor Roel Rivas pregúntase aos Sres. Concelleiros se teñen algunha observación que facer ao acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de marzo, e non producíndose ningunha, apróbase por unanimidade dos membros presentes (16) a refirida acta.



**2º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN COAS
EXPROPIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE.**

O Sr. Alcalde inicia a súa exposición lembrando ao Voceiro do PP e Concelleiros de BNG e IU-EU que xa lles falou do asunto a todos eles e a seguir indica que despois de falar con XESTUR e a Consellería resultou que nese intre non era posible paralizar o procedemento expropiatorio, aínda que di se sería factible facer unha proposta por escrito que se podería ter en conta.

Aberta a quenda de intervencións prodúcense as seguintes:

A do voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que di que das verbas da Alcaldía enténdese que o asunto atópase consensuado cos propietarios e pregunta a seguir si eventualmente se vai dar entrada por outro lugar; ao que o Sr. Alcalde resposta que non está falado cos propietarios outra nova medida, xa que non se pode transaccionar.

A do concelleiro de IU-EU, que manifesta a súa conformidade coa proposta do Alcalde que o falou coa Directora Xeral da Vivenda e con XESTUR.

Procédese a votar a dita proposta, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes (16), acorda aprobar a proposta da Alcaldía que transcrita literalmente dí:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPROPIACIÓN FORZOSA ACCESO
PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE**

A continuación, dáse conta do escrito enviado por esta Alcaldía a Xestur:

“Visto o informe emitido polo arquitecto municipal, Marcos Hermida Trastoy, sobre o proxecto de urbanización do parque empresarial de Landrove-Viveiro (Lugo),co seguinte contido literal:

INFORME

1. NORMATIVA APLICÁBEL:

- Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Viveiro, (en diante NNSSP).
- Lei de Ordenación Urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia, Lei 9/2002, modificada pola Lei 15/2004, (en diante LOUPMRG).
- Ordenación Urbanística Provisional, Decreto 102/2006, (en diante OUP).

A ordenación provisional estará vixente no Concello de Viveiro con *carácter transitorio* ata a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.

2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:

2.1.- Antecedentes

A actuación relativa ao parque empresarial de Landrove recollida no Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galiza, aprobado por acordo do Consello da Xunta do 27-5-2004, desenvólvese mediante o correspondente proxecto sectorial, abril 2003, segundo o establecido no Decreto 80/2000, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.



2.2.- Descrición da parcela

A zona de actuación está delimitada polo norte, camiño público, polo este, canal de rego privado que discorre paralelamente á LU-540, polo sur, estrada municipal de Landrove a Galdo e polo oeste, camiño que discorre xunto á nave de Electromecánicos de Viveiro e o río Landro. Superficie total 13,04 hectáreas.

2.3.- Descrición das obras

O proxecto define as obras necesarias para implantación do *parque empresarial* nas condicións establecidas no prego de prescricións técnicas e segundo as medicións, cadros de precios e orzamento detallado.

As 13,04 hectáreas distribuiranse da seguinte maneira:

▪ Parcelas empresariais:	84.394 m ²
▪ Equipamentos:	2.609 m ²
▪ Zonas verdes:	16.347 m ²
▪ Sistema viario interior:	26.596 m ²
▪ Infraestruturas, (depuradora):	500 m ²

2.4.- Cumprimento da normativa urbanística

A OUP no punto 12 referido ao Parque Empresarial de Landrove, mantén a actuación nos termos establecidos no Plan Sectorial, desenvolvido polo proxecto sectorial de abril de 2003.

O proxecto de urbanización non poderá modificar as previsións do planeamento que desenvolve, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras.

2.5.- Condicionamentos

Unha vez analizada a documentación gráfica do proxecto de urbanización obsérvase que o enlace do *parque empresarial* coa LU-540 faise no tramo de travesía da estrada no núcleo rural tradicional de Landrove. A zona elixida, entre casas tradicionais e no ámbito de protección da Capela de Copacabana, ben recollido no Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico das Normas Subsidiarias e Complementarias de Planeamento Provinciais, pode ser causante de grave prexuízo ao entorno onde se ubica, así como a imposibilidade de futuras ampliacións de viais e accesos. Cabe lembrar que o *parque empresarial* e o seu ámbito de influencia inmediata, principalmente os seus accesos, soportarán numeroso tráfico pesado con vehículos de grandes dimensións e tonelaxe.

Por outra banda, no estudo informativo e estudo de impacto ambiental aprobado definitivamente o 4 de xullo de 2006 para a construción da Vía de Alta Capacidade Ferrol- Barreiros (conexión coa A-8), no seu treito O Barqueiro- San Cibrao, recóllese o novo trazado como combinación das alternativas B1, C2 e C3 do estudo informativo e o estudo de impacto medioambiental presentado para informe das administracións afectadas o 24 de xullo de 2003. Unha vez aprobado este novo trazado e a súa conexión coa LU-540, alternativa C3, e recomendábel a modificación dos accesos ao parque empresarial de Landrove para vincularlos á vía de alta capacidade desconxestionando o colo de funil que suporía a construción da rotonda de conexión coa LU-540 tal e como está grafiada no proxecto de urbanización. Cabe plantexar unha nova conexión na cara sur do parque iniciando os correspondentes procesos expropiativos e de modificación de trazados de viais.

3. CONCLUSIÓN:

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese INFORME, nas CONDICIÓNs expresadas nos puntos do presente informe, sen prexuízo das preceptivas autorización sectoriais."



Esta Alcaldía, baseándose no punto 2.5 do informe anterior, **PROPÓN:**

Que se paralice o expediente de expropiación forzosa ata que non se modifiquen os accesos do parque empresarial referidos ao enlace coa LU-540, tendo en conta o trazado aprobado da Vía de Alta Capacidade ao seu paso por Viveiro.

Por todo o anteriormente exposto e tidas conversas con Xestur e coa Dirección Xeral de Vivenda, solícítase ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Que se teñan en conta que tecnicamente non se pode paralizar neste momento a expropiación e que o Pleno Municipal acorde que, de non facerse o acceso dende a estrada LU-540, na parroquia de Landrove, se solicite á Dirección Xeral de Vivenda que volva a revertir aos propietarios afectados pola expropiación os seus terreos, previa devolución do importe recibido pola expropiación.”

3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN, POR RECTIFICACIÓN, DA RPT, APROBADA EN 30 DE OUTUBRO DO 2006.

Polo Sr. Alcalde-presidente, D. Melchor Roel Rivas se indica que vai retirar o asunto da Orde do día xa que o Interventor municipal aduxo que non dispoñía de tempo suficiente para emitir o informe, puntualizando seguidamente que a rectificación refírese a unha praza da Escala Administración Especial que pasaría a incluírse como da Escala de Administración Xeral.

E o pleno da Corporación por unanidade dos membros presentes (16), acorda quedar informado da retirada pola Alcaldía do dito punto da Orde do día.

4º.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE CONSEJERO GENERAL DA ENTIDADE CAIXA NOVA

Polo Sr. Alcalde indícase que en relación coa solicitude cursada pola entidade Caixa Nova correspóndelle a este Concello, por sorteo, nomear representante na Asemblea Xeral de Caixa Nova que se celebrará no mes de xuño. Sinalando, a seguir, que tendo en contra que entre os requisitos se esixe a condición de depositante desa entidade ao tempo de formular a aceptación, proponse como Conselleiro ao contratado laboral pertencente á relación de persoal deste Concello, D. Francisco Vicente Timiraos Goás, con D.N.I. nº.: 33.861.703-E, que acepta este nomeamento.

Despois de que polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias e os Conselleiros de BNG, D. José Antonio Goás Basanta e IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, interveñan manifestando a súa conformidade con esta designación, procédese a efectuar a votación.

E o Pleno da Corporación, por unanidade dos membros presentes (dezaséis), acorda:



PRIMEIRO.- Nomear como representante na Asamblea General de Caixa Nova, en representación deste Concello, a D. FRANCISCO VICENTE TIMIRAOS GOÁS, con DNI N°. 33.861.703-E, contratado laboral pertencente á relación de persoal deste Concello, concorrendo no citado os requisitos estatutarios do artigo 9 para ser Conselleiro Xeral desa Entidade ao non atoparse incurso en ningún xénero de incompatibilidades, para o exercizo do cargo, do artigo 10 dos Estatutos mencionados.

SEGUNDO.- Comuníquese o presente acordo ao interesado, así como a Caixa Nova para constancia, e que o designado poda asistir á reunión da Asemblea Xeral constituinte, a celebrar no mes de xuño.

5º.- **PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ALTA NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO, A PARCELA DO CAMPO DA FESTA DE XUNQUEIRA.**

Polo Sr. Alcalde indícase que, de conformidade co tratado na sesión plenaria ordinaria celebrada o 22 de outubro pasado, se vai incluír no Inventario de Bens Inmóbeles e Dereitos do Concello, a parcela do Campo da Festa de Xunqueira.

Aberta a quenda de intervencións, prodúcense as seguintes:

A do Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, que indica que, de conformidade co informado pola Secretaria do Concello na sesión plenaria de outubro, non existe título de propiedade do Campo da Festa de Xunqueira, polo que non se pode acreditar a titularidade do mesmo.

Seguidamente o concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño, sinala que noutros documentos de lindeiros dese terreo, cítase ao mesmo como de carácter comunal.

Non se producen outras intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (16), acorda a inclusión, no Inventario de Bens do Concello, da parcela do Campo da Festa de Xunqueira.

Dáse traslado deste acordo ao persoal encargado do Inventario municipal de Bens.

6º.- **DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA.**

Polo Sr. Alcalde dáse conta dos Decretos asinados dende o último Pleno ordinario, os cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, e o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes (16), acorda darse por informado dos Decretos da Alcaldía.



ASUNTOS URXENTES.

Polo Sr. Alcalde, antes de pasar á quenda de rogos e preguntas, de conformidade co disposto no artigo 91.4, do R.O.F, maniféstase a súa intención de someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, un asunto que non figura nos puntos da Sesión, motivado na omisión da Alcaldía ao facilitar a Secretaría a Orde do día desta Sesión

1º.- MOCIÓN DO GRUPO DO PP EN APOIO DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO.

Polo Voceiro do PP, D. Guillermo Leal Arias, cédesse o uso da palabra ao Concelleiro do PP, D. Jesús Fernández Fernández que da lectura da Moción que dí:

“MOCIÓN EN APOIO DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO

Que se fundamenta na EXPOSICIÓN DE MOTIVOS que se detalla de seguido:

Un dos aspectos que maior desequilibrio pode provocar na conta de resultados dunha empresa, dun autónomo, ou na economía dun profesional, é que determinados gastos fixos, como pode ser o combustible, sufran unha variación substancial que faga do traballo diario unha actividade pouco rendible ou, incluso, desvantaxosa. Desta situación non son alleos os profesionais que integran o sector pesqueiro galego, que están a ver como, nos últimos meses, o prezo do combustible utilizado pola embarcacións non só está a sufrir un exponencial crecemento, senón que, incluso chegou a incrementarse nun 127% desde o 2005, e máis dun 38% nos últimos seis meses.

Este nivel de gastos é por definición inasumible a longo prazo e, en consecuencia, provoca unha situación insostible para moitas empresas, mariñeiros e armadores que, como única solución inmediata prevén o amarre das súas embarcacións, moitas das que permanecen paradas en porto.

Ante esta crúa realidade, o lóxico sería contar co auxilio das distintas administracións que, como a Xunta de Galicia ou o Goberno central, non só teñen medios máis que suficientes para articular mecanismos de axuda ao sector pesqueiro senón que, a maiores, dispoñen de resortes axeitados para promover un control máis exhaustivo dos actuais prezos.

Nin desde Madrid, nin desde Santiago, se poden conformar afirmando que se trata dunha situación conxuntural, ou escusándose pola súa insolvencia para pór fin a unha inflación descontrolada, que ata chega a afectar aos produtos máis básicos. Tanto o Goberno galego como o central deben abandonar a súa actual posición de desinterese para traballar a favor do sector pesqueiro, isto é, para contribuír eficazmente a superar a actual crise.

Á vista dos acontecementos, está claro que os nosos gobernantes non souberon defender satisfactoriamente ao sector pesqueiro galego. Non o souberon facer cando articularon mecanismos como os mínimos que son axudas que chegan tarde, xestiónanse tarde e ingrésanse aínda máis tarde; axudas que ademais, pechan a porta de forma expresa ao acceso a outro tipo de subvencións durante un período de tres anos, un prazo de tempo claramente excesivo a xuízo da evolución actual nos prezos. Tampouco acertan os nosos gobernantes cando negan, sen deixar o menor espazo para reconsiderar a súa postura e facer unha



sosegada análise, a posibilidade de establecer un tope máximo ao gasóleo utilizado polos profesionais da pesca, cando desprezan outro tipo de subvencións destinadas ao control dos prezos –como poden ser ata a rebaixa da carga fiscal do gasóleo ou a creación dun combustible profesional-, ou cando desprezan a articulación de descontos ou beneficios nalgúns impostos como o de Sociedades para os profesionais que se ven inmersos nesta crise. Desde a Xunta de Galicia e desde o Executivo central refugan, en definitiva, posibles solucións que resultarían eficaces para minimizar o impacto da crise.

En todo caso, o máis preocupante da situación actual, ademais da súa repercusión directa e inmediata na economía diaria das miles de familias cuxo traballo, en Galicia, depende directamente do aproveitamento dos recursos do mar e do marisqueo, é observar a falta de vontade política dos actuais gobernantes que, pese a ter á súa disposición fórmulas para atallar os efectos perniciosos deste descontrol de prezos nos combustibles, non fan nada. Permanecen inactivos xa ben sexa por unha cuestión de incapacidade manifesta na defensa da nosa pesca ou, o que é aínda máis grave, por simple desidia. Temos, polo tanto, un Goberno que non só se limita a dar as costas ao sector pesqueiro cando atravesa unha das súas máis graves crises, senón que ademais, non ten intención de cambiar o seu errado comportamento.

Por todas estas razóns, o Grupo Municipal que suscribe, considera de interese municipal prioritario que o Pleno da Corporación ACORDE:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a que realice as xestións diante das administracións competentes co obxecto de promover as seguintes medidas:

- a) A habilitación dun mecanismo polo que se leven a cabo descontos directos aplicables ao prezo do gasóleo, co obxecto de compensar o espectacular incremento sufrido nos últimos anos que ameaza con facer non rendible a actividade pesqueira e marisqueira.*
- b) Que se poña en marcha unha campaña de promoción dos produtos pesqueiros, destinada a fomentar a venda e consumo de peixe, co obxecto de que contribúa a frear a depreciación das especies comerciais de máis interese para Galicia.*
- c) A posta en marcha dunha batería de medidas fiscais, que inclúan a exención do pago de cotas sociais durante seis meses e desgravacións no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e no Imposto de Sociedades que está a ser soportado polos axentes do sector pesqueiro galego (mariñeiros, mariscadores, empresas do ámbito marítimo pesqueiro).*
- d) A elaborar en campaña das distintas administracións implicadas, sindicatos e organizacións pesqueiras máis representativas, dun plan estratéxico da pesca para os próximos anos, que inclúa un instrumento de análise e observancia da evolución dos prezos do gasóleo, por si esta requirise da implementación de mecanismos compensatorios.*
- e) A establecer un maior control das importacións de peixe foráneo, así como do etiquetado que, entres outras cuestións, identifica a procedencia das especies comerciais de venda no noso país.*

SEGUNDO.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, e á Federación Galega de Confrarías de Pescadores”.



Polo Sr. Alcalde, D. Melchor Roel Rivas sinálase que a exposición de motivos da Moción que se inclúe no expediente do Pleno non é igual ao texto ao que deu lectura, indicando a seguir que un dos motivos da crise é o incremento do prezo do combustible, que dí se iniciou coa guerra de Irak cando se afirmaba que se ía a rebaixar. Que o prezo do pescado atópase como fai dez anos. Que os armadores teñen dificultades e os mariñeiros dí que tamén porque cobran dos primeiros. Que as medias que toma a Xunta de Galicia son as de actuar sobre a política de prezos. Que o Decreto 101/2006 modificou o sistema, xa que non é obrigatorio o de subasta á baixa. Que os primeiros pasos se deron en Celeiro, A Guardia e Marín. Que se puxo en marcha a marca “Pesca de Rías”. Que se incrementou o consumo de peixe nos comedores escolares. Que en canto ás medidas de aforro enerxético, as Consellerías de Pesca e Industria, preocupáronse ao igual que Celeiro a través do proxecto “Peixe Verde”. Que ata o pasado ano as axudas eran de 3000 euros por tres anos, pero a partires deste ano pasan a ser de 30.000 euros por ano/empresa. Que é verdade que se produce tardanza na percepción destas axudas que este ano dí xa se cobraron. En canto ao Goberno Central sinala que o Consello de Ministros de xaneiro co Plan do Sector Pesqueiro con instrumentos de crédito e medidas de modernización, das que Porto de Celeiro é un dos que participa nesas liñas de axuda. Que polo exposto dí, que parte do preámbulo da moción do PP non se axusta á verdade e que o que contén esta moción xenérica non se axusta aos datos, tamén que polo que respecta á financiación da Seguridade Social dí que cómpre ter en conta que os países membros da Unión Europea se atopan suxeitos a igual normativa. Que Porto de Celeiro é pioneiro nas medidas de xestión, tanto económicas como nos aspectos tecnolóxicos e humanos. Que non están de acordo co que se solicita, aínda que plantexa unha moción transaccional, xa que lle reconece ao Grupo do PP a preocupación polo sector da pesca. Continúa dicindo que a proposta do Grupo do PS de G-PSOE é que xa que todos saben que se están a tomar unhas medidas, propón se inste a utilizar o diálogo e os medios financeiros para cambiar os modos de xestión. Que este non é o caso de Celeiro, porque dí que neste Concello fíxose unha gran inversión polo sector da pesca.

Neste intre intervén o Concelleiro do BNG, D. José Antonio Goás Basanta puntualizando que as axudas non son as mesmas que no 2005 e que cre que a Moción fai unha demanda que se pode atender. Que o Goberno Central non pode conceder axudas directas, xa que non é da súa competencia. Que en Galicia hai 1800 embarcacións de baixura de gasolina que non teñen subvención. Que tamén eles apostan polas enerxías alternativas co gas licuado e o proxecto do peixe verde. Que o barco Santiago Apóstolo xa está a realizar probas de adaptación, lembrando a seguir que o PP nos seus gobernos de Madrid e Galicia propugnou o despedezamento das embarcacións.

A continuación o concelleiro de IU-EU, D. Orlando Expósito Mariño sinala que os mariñeiros de Celeiro gañan menos que fai trinta anos. Que a subida do petróleo, que coincide coa guerra de Irak, a pagan os traballadores.

Nunha nova intervención o concelleiro do PP, D. Jesús Fernández Fernández sinala que son moitas as familias que viven do mar. Que o que o percibe máis é o que sae a faenar. Que o PP defende a todo o sector. Que o que piden é un apoio para o sector primario máis importante de Galicia. Que non se lle interpretou debidamente, xa que se trata dun problema colectivo.



Polo Sr. Alcalde se insiste na súa proposta de moción transaccional; ao que o voceiro do PP, Sr. Leal Arias resalta que a preocupación por ese sector é grande dada a implantación do sector pesqueiro nesta Comarca e pide se adopten as medidas necesarias para favorecer ao mesmo. Que se demanden dos organismos as actuacións precisas.

Finalmente o Sr. Alcalde-presidente propón que se aprobe que todos os sectores con competencias na materia da pesca se impliquen na busca de solución para mellorar a situación dese sector.

O Pleno da Corporación por maioría de quince votos a favor (PS de G-PSOE, PP e BNG) e un voto en contra (IU-EU), acorda aprobar unha moción transaccional, a partir da do Grupo do PP, de Apoio ao Sector Pesqueiro de Galicia, dirixíndose a todas as Administracións e sectores con competencias na materia da pesca para que se impliquen na busca de solucións cara a mellorar a situación dese sector.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon Rogos e Preguntas coa antelación preceptiva, e o Voceiro do PP, e os Concelleiros do BNG e IU-EU, renuncian a formular preguntas, deixándoas para unha próxima sesión plenaria.

E sen máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión, cando son as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos, esténdendose de todo o tratado a seguinte acta, da que eu, Secretaria, dou fe.